

SERVISENIOR SANTIAGO



residencias de maiores



BOLETÍN Nº 2

DECEMBRO 2017

SERVISENIOR SANTIAGO



residencias de maiores

INDICE:

INTRODUCCIÓN	5
1.- ACTIVIDADES TERAPÉUTICAS POR ÁREAS.....	6
2.- OUTROS TEMAS DE ACTUALIDADE.....	16
3.- OS NOSO PROTAGONISTAS.....	20
4.- CELEBRACIÓNS.....	22

SERVISENIOR
SANTIAGO



residencias de maiores

Benvidos de novo ao noso **Boletín de Actividades Servisenior Santiago**, co que nos acercamos a todos vós para compartir as novas que se levaron a cabo neste segundo semestre do 2017.

Queremos dedicar unha especial mención a todas as persoas que fan posible a elaboración deste boletín, tanto aos profesionais do centro, ás familias dos residentes, como aos verdadeiros protagonistas: as persoas maiores que comparten con todos nós as súas vivencias, experiencias, anécdotas e a súa sabedoría.

Nas seguintes páxinas expoñemos moitas das experiencias, actividades e eventos máis relevantes vividos na nosa residencia, nos que tanto os maiores, as súas familias e os traballadores participamos e formamos parte.

Unha vez máis, queremos compartir con todos vós este anaquiño de nós, esperando que disfrutedes da súa lectura ao igual que nós o fixemos durante a súa elaboración

Maite Fernández Ramos

Directora Residencia Servisenior Santiago





1.- ACTIVIDADES TERAPÉUTICAS POR ÁREAS

* DEPARTAMENTO DE FISIOTERAPIA

Durante todo o verán e a comezos do outono aproveitamos os días soleados para encher as nosas reservas de Vitamina D facendo exercicio ao aire libre.

Esta vitamina é esencial para a saúde ósea, ademáis de estimular o noso sistema inmunitario.

Ademáis o exercicio ao aire libre axuda a producir endorfinas, mellorando o noso estado anímico, a calidade do sono e reduce o estrés.

A través de diferente xogos e dinámicas, favorecemos as habilidades mentais coma a memoria, a constancia, a capacidade de concentración, o compañerismo e a empatía.

Sempre evitamos realizar actividades ao aire libre en hora de intenso calor, levaremos sombreiros e manteremos os niveis de hidratación adecuados.



* DEPARTAMENTO DE ENFERMARÍA

Finalizado o verán e iniciado o outono, tal e coma facemos todos os anos, levamos a cabo a campaña de Vacinación fronte a gripe e Neumococo dos nosos usuarios e traballadores do centro.

A vacinación antigripal ten como obxectivo reducir a mortalidade e morbilidade asociada á gripe e o impacto da enfermidade na comunidade. É por isto, que debe ir dirixida fundamentalmente ás persoas que teñen un maior risco de presentar complicacións en caso de padecer a gripe e ás que poden transmitir a enfermidade a outras que teñen un alto risco de complicacións.

Así, nós formamos parte da poboación diana da campaña:



- Persoas maiores (preferentemente a partir de 65 anos) que conviven en institucións pechadas.
- Persoas que podan transmitir a gripe a aquelas que teñen un alto risco de presentar complicacións. Entre eles, nós, os traballadores de institucións xeriátricas que teñen contacto contínuo con persoas vulnerables.



* DEPARTAMENTO DE ANIMACIÓN

Ao longo de todo este semestre dende o departamento de Animación quixemos que os nosos maiores tomen conciencia da importancia do coidado ao medio ambiente. Así propuxemos traballar a *regla das 3 R: reducir, reutilizar e reciclar*.

Para traballar este tema cos nosos maiores centrámonos en buscarlle algún tipo de utilidade ou segunda vida a diverso material que fomos recolectando: tapóns, botellas de plástico, rolos de papel hixiénico...



Esta tarefa ten como obxectivos principais a reutilización de material de desfeito, dar a coñecer diferentes técnicas de expresión plástica e desenvolver a

capacidade de imaxinación dos nosos residentes.

Todo isto ao tempo que traballamos a motricidade fina e grosa.




Foi moi divertido a cantidade de ocorrencias que xurdiron nesas tardes de traballo!!!! E como podemos comprobar, calquera obxecto de refugallo pode converterse en arte.



Ademáis desta actividade continua, ao longo deste semestre neste departamento, realizamos moitas outras, que pasamos a resaltar de seguido:

Comenzamos no mes de **Xuño** ca tradicional sardiñada de San Xoán, facendo unha pequena cacharela que disfrutamos tanto traballadores como usuarios e familias. Tivemos pan de millo , sardiñas e música que fixeron a felicidade dos nosos usuarios, xa que como se di: « Polo San Xoán, a sardiña molla o pan».

E como non podía ser menos nun mes de tradicións, repartimos unhas ramiñas con herbas de San Xoán para espantala mala sorte.





SERVISENIOR SANTIAGO



residencias de maiores

Coa chegada do **verán** quixemos engalantar a nosa terraza onde pasamos boa parte do tempo facendo actividades ao aire libre, sempre que Lorenzo no lo permite, claro! Para iso, contamos coa axuda dos nosos maiores que nos deleitaron cunhas preciosas macetas. Outra actividade artística na que os residentes poden recrearse a través das emocións e sensacións que interveñen durante a súa realización e se traduzan en cores, formas, movementos, Non foi necesario contar con ningún coñecemento artístico previo.



O método utilizado é sinxelo e serve para permitir que broten sensacións que son difíciles a través da comunicación verbal.



SERVISENIOR SANTIAGO



residencias de maiores



Durante o mes de **Outubro** dedicamos o noso tempo de lecer, á decoración das paredes do noso centro. Os residentes decidiron pintar óleos e así convertirse en verdadeiros “Picasso”.

Con esta actividade, pretendemos que os nosos maiores fortalezan a seguridade en sí mesmos, motivándoos á comprometerse nunha participación activa. É un método de comunicación para as persoas con dificultade na expresión verbal, xa que reflexan emocións e sensacións do mundo interior da persoa.



Tamén incrementase a súa interacción social e a estimulación das áreas cognitivas. Como obxectivo secundario, estimulan patróns de mobilidade e psicomotricidade en diferentes segmentos corporais. Temos que destacar que algunhas obras quedaron tan ben, que incluso algúns dos residentes aproveitaron o seu bo resultado para agasallar con elas aos seus seres queridos.

Como se pode comprobar nas seguintes imaxes, o noso centro quedou gustosamente decorado.



A finais do mes, celebraríamos cos nosos maiores o **Samaín**, traballando con cabazas, espigas, castañas, noces....



SERVISENIOR SANTIAGO



residencias de maiores

No mes do San Martiño, **Novembro**, non poden faltar as castañas, cocidas e asadas. Festexamos coas familias e convidamos a todo aquel que quixera a xuntarse con nós, comer e votar unha cantigas. Un grupo de pandereteiros regalounos música e moita festa con caixa de pementón incluída.



Xa en **Decembro**, concretamente o día de Santa Lucía, tivemos a actuación a cargo do Coro Solfa, que interpretaron ademáis de pezas populares, cancións propias do Nadal, panxoliñas que foron o agrado de todos e que incluso houbo algún que se atreveu a cantar.




Papá Noel tamén chegou a ServiSenior Santiago!!!!

Con motivo das festas navideñas, fixemos unha merenda – cea, na que todos os residentes quixeron convidar aos seus seres queridos, estes foron agasallados con adornos navideños feitos polos nosos residentes



Foi unha tarde en familia na que cantamos panxoliñas, contamos contos....e houbo quen se animou a botar un baile! Trala exquisita merenda, recibimos unha visita moi especial.....Papá Noel!!!, que endulzou aos nosos maiores con doces típicos.





2.- OUTROS TEMAS DE ACTUALIDADE

* VISITA NA RESIDENCIA

En Xullo e con motivo do mes do Apóstolo, recibimos a visita do grupo «*JÓVENES DE LAS MISIONES*». Aproveitando a súa visita ao Castiñeiriño, pasaron toda a mañá con nós na residencia.

Os residentes estiveron encantados con toda esta xente nova que os veu a acompañar. Cantaron con eles e disfrutaron dunha xornada diferente.



* EXCURSIÓN Á PRAIA

En Setembro os nosos residentes desfrutaron dunha tarde espléndida á carón do mar, moi cerquiña da nosa residencia a 40 km, concretamente na praia de Broña, no concello de Outes.



Participaron nesta saída todos os usuarios/as que quixeron gozar dunha tarde diferente ao aire libre. A proposta tivo gran acollida, xa que participaron máis da metade dos residentes

acudindo un total de 26 maiores, os cales foron acompañados por un equipo de traballadoras/es da residencia.

Ao longo da tarde, degustamos unha merenda baixo o pinar e realizamos actividades físico – lúdicas, tanto na praia (paseos pola area, recolecta de caracolas, cunchas, ...) como no seu entorno (aproveitando o cambio de



de estación: recolecta de castañas, follas secas,...., e así despois realizar na residencia o mural do Outono).

Como actividade de peche, creamos un pequeno obradoiro de reminiscencia grupal, na que traballamos os recordos e emocións que a praia nos produxo.



SERVISENIOR SANTIAGO



residencias de maiores



En resumo: foi unha merenda moi divertida, con moita música e moitas risas!!
De seguro que imos repetir!!!



* CEA TRABALLADORES/AS

En Decembro os traballadores de ServiSenior Santiago deixamos os uniformes e puxemos as nosas mellores galas. O obxectivo desta xuntanza é celebrar o final dun largo ano de traballo e bo facer.

No noso día a día temos ben presente a gran importancia que ten o traballo en equipo para poder transmitir o mellor de nós no coidado dos nosos maiores. Cando o traballo en equipo funciona correctamente é cando se consiguen grandes triunfos, por iso compañeiros...



...A SEGUIR
TRABALLANDO
ASÍ DE BEN!!!!!!!



3.- OS NÓSOS PROTAGONISTAS

- **Rosario Pardo González – A NOSA CENTENARIA**

Dende que abrimos no 2009, Rosario sigue connosco e é con nós cando cumple os 100 anos.

Foi no mes de Outubro cando lle fixemos unha gran festa para celebralo xa que estes anos non se cumpren sempre.

Rosario nace na Coruña no ano 1917, pasa a súa infancia e xuventude en Betanzos, Santiago, A Estrada, e O Corgo (Lugo).

Nos anos cincuenta trasládase a Madrid, onde traballa algúns anos, pero posteriormente a súa vida transcorre en Barcelona, alí é operada da vista polo Dr. Barraquer resolvendo un grave problema que afectaba tamén aos seus irmáns e traballando chegará á idade de xubilación.

Nos anos setenta, pasa a vivir ca sua familia en Santiago de Compostela, chegando no seu “camiño” a cumprir o século coa familia de Servisenior.

MOITÍSIMAS
FELICIDADES
ROSARIO





4.- CELEBRACIÓNS

* BENVIDA AO NOSO CENTRO

Este semestre démoslle a nosa benvida a :

- | | | |
|------------|------------------------|--------------------------|
| ✿ Carmen | ✿ Lucía | ✿ M ^a Dolores |
| ✿ Trinidad | ✿ M ^a Pilar | ✿ Jose |
| ✿ Pura | ✿ Dolores | ✿ Manuel |
| ✿ Enma | ✿ Herminia | |



* OS NOSOS CUMPREANOS DESTE SEMESTRE

- ✿ Manuela..... 87 años
- ✿ Dolores..... 90 años
- ✿ Pablo..... 61 años
- ✿ Dorinda..... 86 años
- ✿ Manuel..... 90 años
- ✿ Ana..... 49 años
- ✿ Remigio..... 70 años
- ✿ Áurea..... 88 años
- ✿ Rosario.....100 años
- ✿ Alicia..... 87 años



- ✿ Flora..... 87 años
- ✿ Camilo..... 72 años
- ✿ Luz..... 91 años
- ✿ Ramona..... 87 años
- ✿ Mari..... 55 años
- ✿ Amparo..... 93 años
- ✿ Teresa.....92 años
- ✿ María..... 87 años
- ✿ Melania..... 97 años
- ✿ Plácido..... 85 años
- ✿ Emilio.....94 años

GRUPO SERVIENIOR

Dende o Grupo Servisenior xestionamos distintos centros de atención a persoas maiores: Residencias, Centros de Día, Vivendas Comunitarias e Fogares Residenciais, sempre baseándonos nun sistema de calidade e mellora continua para dar á persoa maior o millor dos servizos.

O Grupo Servisenior ofrece servizos integrais que contribúen á atención das necesidades básicas dos residentes, ao seu desenvolvemento persoal, social, e ao mantemento da súa autonomía e independencia.

 **981 52 24 26**

 **xestion@fesan.org**

 **R/ Amio 114, PE. Costa Vella, Santiago de Compostela**

 **www.fesan.org**



FESAN
FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES